



**COLEXIO "TIRSO DE MOLINA"
MERCEDARIOS**

Rúa Arce s/n
15401 Ferrol
Teléfono: 981352109 Fax: 981357724
www.tirsoferrol.org info@tirsoferrol.com

CRITERIO COMPLEMENTARIO DE ADMISIÓN
(Art. 9.3.i, Decreto 254 do 13 de decembro)

O Decreto 254/2012 do 13 de decembro que regula a admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos e a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 12 de marzo (DOG núm. 53, do 15.03.2013) que desenvolve o procedemento para a admisión de alumnado, facultan aos centros para establecer un criterio complementario de admisión consistente noutras circunstancias relevantes.

O pasado 28.01.2013, no Consello Escolar do Centro, na sesión ordinaria, foi proposto pola Titularidade do Centro, e este aceptou o seguinte CRITERIO COMPLEMENTARIO DE ADMISION:

"Que a nai, o pai, irmá ou irmán do alumnado solicitante teñan a condición de exalumnado do Colexio Tirso de Molina"

Coa finalidade que se poida acreditar a dita condición, os interesados deberán entregar un impreso que se recolle na Secretaria do Centro, indicando o nome do alumnado solicitante, e por parte do exalumnado: nome, DNI, relación co alumnado solicitante, data de nacemento e os cursos académicos realizados no Centro.

O prazo para a presentación será o mesmo que para presentar a documentación complementaria do 23 de marzo ata 5 de abril, non sendo necesaria a súa presentación nos cursos que hai máis prazas que solicitantes. Unha vez entregado este escrito, será o Centro o que comprobe nos seus arquivos se o exalumnado cumpre a dita condición.

Lembrámoslles que a valoración deste criterio complementario é de 1 punto de cara á baremación.

Ferrol, 23 de febreiro de 2017

O Director

José Juan Grande Méndez

